

BRUNDIBÁR

de HANS KRÁSA

GUÍA DIDÁCTICA



Mercedes Blanco / Adela T. Maroño



BRUNDIBÁR

de HANS KRÁSA

Guía didáctica

Mercedes Blanco / Adela T. Maroño

Colección COÑECER
Santiago, Cidade Educadora

Nº 6. Decembro 2016

BRUNDIBÁR, de Hans Krása

Edita

Departamento de Educación e Cidadanía
Concello de Santiago de Compostela

Concelleiro de Educación e Cidadanía

Manuel Dios Díz

Coordinador da colección

Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez

Autoras

Mercedes Blanco e Adela T. Maroño

Deseño

Signum D.

Ilustracións

Adela T. Maroño

Imprime

Tórculo Comunicación Gráfica, S.A

Depósito legal: c 2397-2016

Agradecemos á Asociación de Amigos da Ópera de Santiago e ao Departamento Municipal de Educación do Concello pola iniciativa que fixo posible esta publicación. E a María López, David, Alicia, Eloisa, Adela, Antonio e Juan pola súa colaboración e apoio.

ÍNDICE

5	1. INTRODUCCIÓN
8	2. BRUNDIBÁR E O SEU CONTEXTO HISTÓRICO
8	A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL E O HOLOCAUSTO XUDEO
9	O nazismo e o antisemistismo
10	O Holocausto
12	A fin da guerra
13	BRUNDIBÁR E TEREZÍN
13	Terezín
20	Na actualidade
21	O COMPOSITOR: HANS KRÁSA
22	O LIBRETISTA: ADOLF HOFFMEISTER
24	3. O ESPECTÁCULO
24	ARGUMENTO
24	AS PERSONAXES
25	FICHA ARTÍSTICA
26	OS INSTRUMENTOS
28	4. ACTIVIDADES
28	ACTIVIDADES PREVIAS Á ESCOITA DA ÓPERA
31	ACTIVIDADES DURANTE A REPRESENTACIÓN DA ÓPERA
32	ACTIVIDADES POSTERIORES
36	5. DESCUBRINDO BOLBORETAS (MUSIQUEANDO BRUNDIBÁR)
58	6. BIBLIOGRAFÍA, DISCOGRAFÍA E VIDEOGRAFÍA
60	7. FONTES BIBLIOGRÁFICAS E WEBS
61	8. ANEXOS
61	FICHAS
65	ILUSTRACIÓNS DAS PERSONAXES
67	PARTICIPANTES NA ÓPERA BRUNDIBÁR

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo desta guía didáctica é servir de ferramenta para preparar ao público infantil de xeito que se achegue e descubra o mundo da ópera a través de *Brundibár*, pois ao coñecela e entendela mellor grazas ás actividades que se propoñen na guía, poderá non só gozar máis da asistencia ao espectáculo, senón aprofundar en acontecementos históricos en todo un conxunto de valores.

Inclúense tres tipos de actividades: actividades previas, con información sobre a ópera e o seu contexto histórico; recomendacións para gozar co espectáculo e, finalmente, actividades posteriores para traballar cos nenos e nenas confiando en que seleccionedes as que mellor se adecúen ao voso contexto ou necesidades.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 11 establece:

Artigo 11. *Elementos transversais*

3. Así mesmo, a consellería competente en materia educativa promoverá o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe comprender, en todo caso, a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Cremos, por tanto, que está máis que xustificada a presentación deste proxecto en Santiago de Compostela, tanto polo que establece o currículo da educación primaria como polo forte potencial para a educación en valores desta ópera:

- Porque con esta obra musical o público vai gozar e achegarse ao mundo da ópera, que quizais algún neno ou nena descubra a través da música de Hans Krása, compositor xudeu prisioneiro do campo-gueto de Terezín. É unha partitura que sobreviviu ao Holocausto e que foi representada polos nenos e nenas de Terezín, expresando a forza da cultura fronte ao terrible ambiente de inxustiza e represión existente durante o Holocausto.

- Porque co traballo desta ópera pretendemos, tal e como prevé a LOMCE, concienciar da importancia de loitar contra todo tipo de violencia, racismo ou xenofobia, temas sempre de triste actualidade.

- Porque coñecer os erros do pasado axudará a non volver a repetilos nunca, nin nunca tampouco esquecer aos nenos e nenas de Terezín, as súas voces, poemas e debuxos.

- Porque a pesar de todo, seguimos crendo nun mundo mellor e pensamos que con este proxecto, e sempre –insistimos niso– desde a máxima sensibilidade á hora de transmitirllelo aos nenos e nenas, podemos contribuír á loita pola paz e a non violencia e ao respecto polos dereitos humanos.

- Porque cremos que as persoas teñen que ser libres como as bolboretas que quizais imaxinaron tamén voando libres os nenos e nenas de Terezín.

Esta guía está dedicada a todos os nenos e nenas que, coma os de Terezín, sufriron a inxustiza da violencia e aos que hoxe en día aínda a seguen a sufrir.

A BOLBORETA

A última, a definitivamente derradeira
Tan viva, brillante, enfeitizadamente amarela
Quizais se as bágoas do sol puidesen cantar
contra unha branca pedra...
Tan, tan amarela
Voando transportaba o seu resplandor tan alto
Marchou, seino porque desexaba bicar o mundo
nun adeus.
Hai sete semanas que vivo aquí
encerrado neste gueto
Pero aquí atopei a miña xente.
Chámanme os dentes de león
e as brancas candeas de castiñeiro no patio.
Somentes nunca vin outra bolboreta
Aquela foi a derradeira
As bolboretas non viven aquí,
no gueto.



Pavel Friedmann (1921-1944, *Auschwitz*)
adapt.: Adela T. Maroño





2. BRUNDIBÁR E O SEU CONTEXTO HISTÓRICO

A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL E O HOLOCAUSTO XUDEU

A Segunda Guerra Mundial comezou en 1939 e acabou en 1945. Foi, sen dúbida, o conflito bélico máis grande da historia debido á morte masiva de civís, ao Holocausto e ao feito de que, por primeira vez, se empregaron bombas atómicas nun conflito militar. Ademais, desenvolveuse en case todos os continentes (Europa, Asia, África e Oceanía) e en todos os océanos.

A Segunda Guerra Mundial ocasionou a sobrecolledora cifra de aproximadamente 55 millóns de vítimas. Neste conflito había dúas grandes potencias enfrontadas: os aliados (Gran Bretaña, Francia e a Unión Soviética e a partir de 1941 tamén os Estados Unidos) e as potencias do Eixo (Alemaña, Italia e Xapón).

A Segunda Guerra Mundial foi provocada polo intento da Alemaña nazi e o imperio xaponés de dominar Europa e Asia respectivamente e ambos –Alemaña e Xapón– foron os dous países membros máis importantes da alianza do Eixo.

As principais causas foron que Alemaña non aceptou as fronteiras establecidas no tratado de Versalles despois da Primeira Guerra Mundial. Contribuíu tamén o descontento da poboación alemá coa situación posterior á Primeira Guerra Mundial. Neste contexto, Adolf Hitler gañou as eleccións en 1933, facéndose co poder e converténdose nun ditador. O goberno de Hitler pretendía adquirir un imperio novo, un “espazo vital”, en Europa oriental e na Unión Soviética e considerou que unha guerra en Europa era imprescindible para alcanzar esa meta.

Alemaña invadiu Polonia o 1 de setembro de 1939 desatando así a Segunda Guerra Mundial.



Mussolini e Adolf Hitler

O nazismo e o antisemitismo

Hitler, coñecido como o Führer, “o guía”, impuxo o nazismo, tamén chamado nacionalsocialismo. O nazismo baseábase na suposición da superioridade da raza aria (alemáns e outros europeos do norte) e a crenza de que os xudeus eran unha raza inferior. Este odio aos xudeus coñécese como antisemitismo.

O antisemitismo dos nazis era racial, pois non valoraban aos xudeus como persoas ou seres humanos individuais, senón como pertencentes a unha raza. Os racistas parten de que o comportamento humano está determinado pola herdanza xenética ligada a unha raza.

Na etapa comprendida entre a chegada de Hitler ao poder (1933) e o comezo da II Guerra Mundial (1939) promulgáronse en Alemaña centos de leis e decretos antisemitas e adoptáronse medidas destinadas a privar aos xudeus de todos os dereitos civís, no que constitúe unha das violacións máis sistemáticas e de maior magnitude dos dereitos humanos.

Algunhas das medidas de opresión tomadas contra os xudeus foron:

- Limitación da cantidade de estudantes xudeus nas escolas e universidades públicas.
- Expulsión do exército dos oficiais xudeus.
- Promulgación en 1935 das leis raciais de Núremberg.
- Expulsión dos veterinarios xudeus da profesión veterinaria.
- Prohibición aos mestres xudeus de ensinar en escolas públicas.
- Expulsión de todos os nenos xudeus das escolas públicas.
- Prohibición da entrada de xudeus a centros de saúde.
- Peche de todas as empresas cuxos propietarios eran xudeus.
- Prohibición da venda de boletos de lotería a xudeus.



Sobrevivintes dos campos nazis europeos




Maio de 1944. Xudeus á súa chegada ao campo de Auschwitz-Birkenau

- Adopción de medidas tamén contra intelectuais xudeus. Así, por exemplo, prohibiron aos actores xudeus interpretar papeis no teatro ou no cine.
- Prohibición de votar sobre asuntos políticos nin exercer cargos públicos. Así prohibiron tamén exercer a súa profesión a xuíces, notarios, avogados e fiscais.
- Confiscación de todas as radios e de obxectos de valor pertencentes aos xudeus.
- Destrucción das sinagogas e saqueo dos negocios e propiedades dos xudeus por toda Alemaña e Austria.
- Prohibición da saída do país aos xudeus.
- Exclusión dos atletas “non arios” das instalacións e asociacións deportivas alemás.
- Eliminación das festas xudías do calendario alemán.
- Creación de asociacións antisemitas e anticomunistas.

O Holocausto

O Holocausto foi a persecución e exterminio en masa de todas as persoas que non eran da raza aria, principalmente dos xudeus por parte da Alemaña nazi e dos seus colaboradores entre 1933 e 1945. Os nazis querían aniquilar a raza xudía, mais tamén consideraban inferiores outros grupos étnicos e políticos polo que os actos de opresión e asesinato tamén se estenderon a estes outros grupos aos que perseguiron e aniquilaron:

- Algúns grupos de eslavos (polacos, rusos e outros).
- Xitanos.
- Discapacitados físicos e mentais.
- Opoñentes políticos: comunistas, socialistas e sindicalistas.



Mapa do Holocausto xudeu en Europa. Aмосa a porcentaxe de xudeus mortos en cada país ao remate da Segunda Guerra Mundial



Familias xudeas detidas polos nazis en Varsovia

- Testemuñas de Xehová e clérigos cristiáns.
- Homosexuais.
- Persoas acusadas de comportamento “asocial” ou anormal.

Os xudeus en Alemaña foron obrigados a levar distintivos coa estrela de David na súa roupa para identificalos.

Durante o réxime nazi, establecéronse campos de concentración e os oficiais da policía e as SS levaron á cadea aos opoñentes políticos e inimigos sospeitosos do réxime, xudeus principalmente, mais tamén outras vítimas do odio racial e étnico.

Creáronse guetos, campos de tránsito e campos de traballos forzados para reter e controlar a poboación xudía que posteriormente sería deportada cara aos guetos e centros de exterminio, onde eran asasinadas en cámaras de gas. Así, entre 1941 e 1944, foron deportados en masa millóns de xudeus cara a estes guetos e centros de exterminio. Para as deportacións empregábanse vagóns de carga selados e ateigados de persoas que non dispuñan de servizos sanitarios e aos que non se lle daban auga nin comida, polo que moitos dos deportados morrían antes de chegar ao seu destino. Estes campos de concentración existiron durante a Segunda Guerra Mundial ata que os xudeus foron liberados polas forzas Aliadas e rematou a guerra.

Durante a Segunda Guerra Mundial, o réxime nazi e os seus colaboradores asasinaron aproximadamente



Detalle do uniforme dun prisioneiro co seu correspondente número



Soldados alemáns na Segunda Guerra Mundial

a 6 millóns de xudeus entre homes, mulleres, nenos e nenas para aniquilar a comunidade xudía. O Holocausto provocou grandes mudanzas na poboación e grandes cambios territoriais, pois moitos dos superviventes abandonaron Europa para comezar unha nova vida en Israel, Estados Unidos e outros países. Por mor do Holocausto, a maioría das comunidades xudías foron destruídas en toda Europa.

A fin da guerra

A guerra rematou coa victoria dos Aliados sobre as potencias do Eixo en 1945. As tropas soviéticas capturaron Berlín en maio de 1945 coa rendición incondicional alemá o 7 de maio de 1945. A guerra no Pacífico terminou pouco despois do bombardeo atómico sobre as cidades de Hiroshima e Nagasaki por parte dos Estados Unidos. Xapón aceptou tamén a rendición incondicional, chegando á súa fin así a guerra en Asia. A rendición formal de Xapón produciuse o 2 de setembro de 1945.

Algúns dos responsables dos crimes cometidos durante o Holocausto foron xulgados por xenocidio en Núremberg (Alemaña), en 1945 e 1946, polo Tribunal Militar Internacional, no que sería coñecido como “proceso de Núremberg”. Segundo este tribunal, o Holocausto foi “un crime contra a humanidade”. Os xuíces das potencias aliadas (Gran Bretaña, Francia, a Unión Soviética e Estados Unidos) presidiron as audiencias dos xuízos de 24 principais criminais nazis, dos que 22 foron declarados culpables. Foron xulgados polos cargos de conspiración, crimes contra a paz, crimes de guerra e crimes contra a humanidade. Os xulgados alegaron como defensa que seguían ordes, o que o Tribunal Militar Internacional non considerou unha excusa válida para cometer os crimes. Esta foi sen dúbida unha das ideas clave do proceso. Moitos outros criminais nunca foron xulgados porque algúns fuxiron de Alemaña ao extranxeiro e outros morreron ou se suicidaron antes dos xuízos.

Tras a Segunda Guerra Mundial creouse a Organización das Nacións Unidas (ONU), que é a maior



O director Stuart Schulberg na estrea en Stuttgart da película documental “Nuremberg” de 1948



Xuízos de Núremberg 1945-1946

organización internacional, coa función principal, entre outras, de prever futuros conflitos e manter a paz e a seguridade internacional.

O día 27 de xaneiro de 1945 foi liberado o campo de concentración de Auschwitz, de aí que a Unesco establecera ese día como o Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto.



Símbolo das Nacións Unidas

Webs:

<https://www.ushmm.org/es>

<https://es.wikipedia.org/wiki/Holocausto>

https://es.wikipedia.org/wiki/Segunda_Guerra_Mundial

<http://www.unesco.org/new/es/unesco/events/prizes-and-celebrations/celebrations/international-days/commemoration-in-memory-of-the-victims-of-the-holocaust/>

BRUNDIBÁR E TEREZÍN

- *Brundibár* (O abellón) é una ópera infantil.

Webs:

<http://www.educacontic.es/blog/la-opera-en-un-gran-escenario-el-aula>

<http://www.grao.com/recursos/opera-con-ninos>

<http://www.educaciontrespuntocero.com/experiencias/blogs-de-musica-para-el-aula-de-infantil-y-primaria/20852.html>

- *Brundibár* é unha ópera composta en 1938 na antiga Checoslovaquia.
- Foi representada por primeira vez en 1942 nun orfanato para nenos xudeus en Praga, ocupada naquel entón polos alemáns e capital da actual República Checa.
- En Terezín foi representada por primeira vez o 23 de setembro de 1943.



Cartel da ópera infantil *Brundibár*, 1944


Escena final dunha
representación de
Brundibár en Terezín



Terezín


Terezín era unha antiga cidade fortaleza fundada polo emperador austríaco José II no século XVIII. O emperador púxolle á cidade o nome da súa nai, a emperatriz María Teresa. Co paso do tempo acabou sendo unha guarnición militar.

Durante a Segunda Guerra Mundial foi convertida polos nazis nun campo-gueto que funcionou como campo de tránsito ou “asentamento”, ao que as SS levaron certas categorías de persoas dos territorios ocupados polos nazis, por ser xudías, principalmente da antiga Checoslovaquia, Austria e Alemaña para finalmente deportalas a outros guetos, campos de concentración e campos de exterminio. Esta xente tivo que separarse á forza das súas casas, pertenzas, comodidades e tamén dos seus seres máis queridos.



Terezín, na actual
República Checa está
a 63 km de distancia
de Praga

A Terezín levaron xudeus maiores de 65 anos, xudeus alemáns e austríacos veteranos da Primeira Guerra Mundial, así como xudeus que destacaban como artistas, intelectuais, músicos, escritores, profesores e actores entre outros. Isto foi así porque os nazis querían que o campo-gueto parecese unha “cidade balnearia” na que semellase que os xudeus alemáns anciáns podían “xubilarse con seguridade” para enganar así a comunidade internacional. Se temos en conta que eran persoas moi coñecidas por seren destacados artistas, a súa desaparición tería dado lugar a moitas



Plano de Terezín

preguntas sobre o seu paradiro, tanto nas súas zonas de procedencia como mesmo no estranxeiro.

De aí que Terezín tivese unha función propagandística para os nazis. Neste contexto, e con esta clara intencionalidade, permitiúselles compoñer aos músicos e promovéronse as actividades culturais, pois todo isto, crían os nazis, contribuiría ao engano sobre a vida alí. Había así unha rica vida cultural con concertos, conferencias, lectura de poesías, obras de teatro, representacións de ópera, orquestras, grupos de cámara, jazz e mesmo había unha biblioteca con máis de 60.000 volumes na que se prestaban libros. A música en Terezín foi moi importante para a supervivencia dos seus habitantes, pois o increíble foi que no medio daquelas terribles circunstancias de opresión, crueldade e barbarie humana, os músicos e artistas fosen capaces de reaccionar con solidariedade, esperanza e inspiración creando obras de extraordinaria beleza que compartiron con todos os habitantes de Terezín.

En xuño de 1944 a Cruz Vermella visitou Terezín. Comezaban a correr por toda Europa rumores sobre os campos de exterminio e o réxime nazi permitiu a visita dos delegados desas organizacións para desmentir estes rumores cunha campaña de

Porta de entrada á pequena
fortaleza de Terezín



“embelecemento” previamente pensada e trazada polos nazis. Con este fin, comezaron a aumentar e intensificarse as deportacións dos xudeus a outros campos de concentración para que non se vise durante a visita a superpoboación que había en Terezín. Ademais transformaron a cidade: crearon xardíns, pintaron as casas, limparon as instalacións, alimentaron os nenos para que se visen sans, deron aos habitantes roupas novas e ordes de como debían comportarse e organizaron actividades culturais para os representantes das organizacións. Pretendían que todo parecese normal e Terezín unha cidade modelo. Así, naquela ocasión foi representada a ópera *Brundibár* para os representantes das organizacións nun salón construído especialmente para esa representación e ata presenciaron, cun entusiasmo público, un partido de fútbol.

Un debuxo de Helga
Weissová de 13 anos.
Neste debuxo conta como
os alemáns obrigábanlles a
recortar as liteiras para que
o barracón parecese menos
apertado e así enganar á
inspección da Cruz
Vermella. Terezín



Tamén cunha función propagandística, os nazis filmaron a película “*O Führer regala unha cidade aos xudeus*”, aínda que finalmente non foi proxectada. Todo foi unha farsa, pois logo continuaron coas deportacións e a vida seguiu sendo terrible para os habitantes de Terezín tras enganar aos delegados das organizacións.

Esa vida tamén era moi dura para os nenos e nenas que habitaban Terezín. Eles vían todo o que sucedía alí: como facían traballar duramente a xente, como enfermaban, como pasaban fame ou como tremían de frío. Moi axiña eran obrigados tamén eles a traballar. Decenas de miles de persoas morreron no campo-gueto antes de seren deportadas, a causa da fame e das enfermidades provocadas intencionadamente polos nazis.

Pero os nenos e nenas ás veces interpretaban, axudados por artistas que tamén vivían no gueto, obras de teatro e óperas. *Brundibár* foi representada en Terezín unhas 55 veces e para todos os que participaban na súa interpretación, principalmente nenos e nenas e espectadores que gozaron da súa música e de ver aos nenos e nenas felices durante as representacións, foi un entretemento que lles axudaba a esquecer por un intre a dura vida que lles tocou vivir.



Debuxo de Ella Liebermann de 16 anos. Os nenos eran arrancados dos brazos das súas nais. Gueto de Bedzin, Polonia




Helga Weissová.
Último debuxo realizado
á saída de Terezín
en 1945

Os habitantes de Terezín –teñamos en conta que había moreas de artistas– seguiron traballando no campo-gueto a pesar das tremendas circunstancias e escribiron, compuxeron e crearon obras de arte, mais tamén se preocuparon de educar os nenos e nenas de Terezín, tratando de que levasen unha vida o máis normal posible dentro do que eles lles podían ofrecer. Unha desas persoas foi unha mestra e artista, Friedl Dicker-Brandeis, que clandestinamente deu clases de debuxo aos nenos e que lles ensinou e axudou a expresar a través da arte os seus sentimentos, preocupacións e vivencias. Os nenos e nenas fixeron moitos debuxos e poesías, a pesar de non dispor de moitos materiais, pero os que tiñan compartíanos e sen dúbida os aproveitaron, pois hoxe en día son unha valiosa testemuña do Holocausto. Debuxaron a súa familia, a súa vida antes de Terezín, e a vida alí: os concertos, os arames, o reparto de sopa, os trens que chegaban e marchaban cargados ata o imposible con xente...

As poesías falan sobre bolboretas, paxaros... e conteñen fermosas palabras como “rosa silvestre, herba, merlo, perfumes, vivir...”, mais tamén outras tristes como “medo, inimigo, chorar, dor, roña, sucias paredes, arame...”. Nestes poemas os nenos e nenas expresaban como se sentían, porque ademais de reflectir o seu medo –lórico e inevitable dadas as tremendas circunstancias– tamén, quizais, seguiron desexando que as cousas mudasen e fosen a mellor, voando fóra dese lugar e máis alá das reixas e valos coa súa imaxinación como calquera neno ou nena. Así podían ver flores, animais, arcos da vella, árbores, pallasos, princesas..., porque nunca, a pesar de Terezín, deixaron de ser nenos mentres debuxaban.

Consérvanse máis de 4000 debuxos e centos de poemas. Moitos deses debuxos poden verse no Museo Xudeu de Praga. Isto foi posible grazas a que, moi habilmente, a mestra e artista que ensinou a debuxar aos nenos e nenas agachou miles dos seus deseños e poemas que dese xeito sobreviviron á guerra.

Tamén perviviron máis alá da guerra moitos días que escribiron nenos e nenas nos que plasmaron



*Diario de Praga (1941-1942),
de Petr Ginz*

as súas historias persoais e que, como os debuxos e poesías son testemuña da historia e do horror acontecido durante a Segunda Guerra Mundial e o Holocausto. Entre outros moitos, consérvase o diario de Petr Ginz, traducido a castelán como *Diario de Praga (1941-1942)*, escrito ao longo de dous anos por un neno xudeu ata pouco antes da súa deportación ao campo de concentración de Auschwitz, onde morreu aos 16 anos.

O 8 de maio de 1945 foi o día en que os prisioneiros de Terezín foron liberados polo exército soviético. En 1945 tamén se atoparon os miles de debuxos dos nenos e nenas de Terezín. Estes debuxos serviron como proba en Núremberg, converténdose nunha conmovedora testemuña plástica da tremenda barbarie do Holocausto xudeu.

Estímase que aproximadamente dos 15.000 nenos e nenas que pasaron por Terezín, só sobreviviron ao redor do 10%.

Un grupo de nenos e
nenas xudeus en Terezín



Na actualidade

Hoxe en día Terezín segue existindo. É unha po-
boación da República Checa que desgraciadamente
é coñecida sobre todo polo campo-gueto que alí exis-
tiu e que se pode visitar como mostra do Holo-
causto.

Unha nena supervivinte de Terezín, Dagmar
Lieblová, vive aínda hoxe. Foi unha das nenas que
participou cantando no coro de Brundibár en Tere-
zín. É o recordo humano daquel horror e coa súa
persoa impídenos esquecer anos tan escuros da his-
toria de Europa. Na súa estadía en Santiago asistiu
ás representacións da ópera Brundibár no Teatro
Principal en Santiago e no Teatro Afundación en
Vigo.



Dagmar Lieblová,
supervivinte de Terezín

Webs:

*Museo Conmemorativo do Holocausto dos Estados
Unidos (United States Holocaust Memorial Museum)*
<https://www.ushmm.org/es>

A música e o Holocausto
[http://holocaustmusic.ort.org/es/places/theresienstadt/
Petr Ginz](http://holocaustmusic.ort.org/es/places/theresienstadt/Petr_Ginz)
[http://www.un.org/es/holocaustremembrance/2012/u
n_petr_study-guide_spanish.pdf](http://www.un.org/es/holocaustremembrance/2012/un_petr_study-guide_spanish.pdf)

Friedl Dicker-Brandeis
https://es.wikipedia.org/wiki/Friedl_Dicker-Brandeis

Os debuxos de nenos e nenas de Terezín

<http://www.jewishmuseum.cz/en/explore/permanent-collection/children-s-drawings-from-the-terezin-ghetto-1942-1944/>

Centro checo

<http://madrid.czechcentres.cz/novedades/20161217brundibarsantiago>

Memorial Terezín

<http://www.memoriales.net/topographie/chechoslovaquia/terezin.html>

Artigos xornalísticos:

http://elpais.com/elpais/2013/08/12/eps/1376325639_007346.html

http://elpais.com/diario/2006/06/11/eps/1150007211_850215.html

<http://www.abc.es/cultura/20150818/abci-campoznazi-cruz-roja-201508122201.html>

O COMPOSITOR: HANS KRÁSA

(Praga 1899 – Auschwitz 1944)

Hans Krása foi un compositor xudeu nacido en Praga, capital da actual República Checa, un pequeno país de Europa central. O idioma deste país é o checo, que procede dunha lingua eslava.

Praga, a cidade natal do compositor, está situada no corazón de Europa, na beira do río Moldava, e é unha cidade moi visitada hoxe en día debido á súa impresionante beleza e historia. O seu casco histórico é Patrimonio da Humanidade e entre os seus museos destacan o Museo Nacional e o Museo Xudeu de Praga. Ademais Praga ten unha gran tradición e historia musical.

Hans Krása estudou violín, piano e composición en Praga con Alexander von Zemlinsky. Traballou na Kroll Oper de Berlín e no “Neues Deutsches Theater”



Nenos e nenas sobrevivintes de Auschwitz



Hans Krása



Orquestra. Terezín

de Praga e tamén estudou en Francia. Compuxo música de cámara, orquestral, vocal, coral, instrumental, para ópera e para teatro.

Hans Krása compuxo a ópera infantil *Brundibár* en 1938 para un concurso do Ministerio de Educación da antiga Checoslovaquia. Foi perseguido polo réxime nazi como outros moitos músicos, directores de orquestra e intérpretes xudeus durante a Segunda Guerra Mundial e foi deportado ao campo-gueto de Terezín. Outros compositores fuxiron de Alemaña e dos seus países por seren xudeus ou ben por estaren en desacordo co réxime nazi. Por iso tamén a súa música foi prohibida polos nazis, considerándoa “música dexenerada”. Grandes figuras da música foron prisioneiros en Terezín.

Hans Krása tivo un importante rol na vida cultural de Terezín e a ópera *Brundibár*, representada polos nenos e nenas de Terezín, tivo un éxito extraordinario. A partitura foi introducida de contrabando no campo-gueto. Malia as terribles circunstancias que lle tocou vivir, Hans Krása seguiu componendo. Desgraciadamente, perdéronse varias das súas obras e *Brundibár* tivo que ser reescrita cunha orquestración para os instrumentistas cos que contaba nese momento Terezín.

Entre o 28 de setembro e o 28 de outubro de 1944, arredor de 18.400 personas foron deportadas a Auschwitz, entre eles os compositores Pavel Haas, Hans Krása, Gideon Klein e Viktor Ullmann na noite do 16 de outubro de 1944. Alí, no campo de concentración de Auschwitz, morreu Hans Krása.

Webs:

https://es.wikipedia.org/wiki/Hans_Kr%C3%A1sa

https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Compositores_perseguidos_por_el_nazismo#M.C3.BAsicos_asesinados_por_los_nacionalsocialistas

<http://holocaustmusic.ort.org/es/places/theresienstadt/krasa-hans/>

O LIBRETISTA: ADOLF HOFFMEISTER (1902- 1973)

Adolf Hoffmeister é de nacionalidade checa, igual que o compositor de *Brundibár*, Hans Krása. Foi un dos máis importantes e salientables artistas do século XX na vida cultural checa.

Adolf Hoffmeister foi o libretista de *Brundibár*, pero ademais foi un polifacético artista: prolífico caricaturista, ilustrador, publicista, poeta, autor de libros de viaxes e diplomático. Como escritor, a súa obra comprende libros sobre poemas e sobre viaxes coas súas vivencias, impresións e con ilustracións propias, porque viaxar era para el unha paixón. Foi tamén un dos fundadores de *Devetsil*, unha asociación de vanguardia, principalmente de poesía e ilustración pero na que tamén se desenvolveron outras artes como o cinema, a escultura e a caligrafía de comezos do século XX, moi coñecida na antiga Checoslovaquia.

Cando comezou a Segunda Guerra Mundial tivo que ir ao exilio, como outros tantos artistas e persoas que estaban en contra do réxime nazi. Foi aos EUA e alí escribiu o libreto de *Brundibár*, máis tamén artigos contra o fascismo, caricaturas políticas e *A frauta do cego*, sobre a aldea checa de Lidice destruída por orde de Hitler polos nazis en represalia polo asasinato dun xerarca nazi. Era a súa forma de expresar a súa radical protesta contra o que os nazis estaban a facer.

Webs:

https://es.wikipedia.org/wiki/Adolf_Hoffmeister



Adolf Hoffmeister

3. O ESPECTÁCULO

Argumento

Brundibár é a historia de dous irmáns pobres, Aninka e Pepicek que, preocupados porque a súa nai está enferma, necesitan mercar leite segundo as recomendacións do médico. Van ao mercado, onde venden os seus produtos a un xeadeiro, un panadeiro e un leiteiro, mais non teñen cartos. Entón ven como Brundibár, o organilleiro (na nosa versión un acordeonista), toca con éxito e deciden imitalo e cantar eles tamén unha canción sobre ocas. Pero isto enfurece a Brundibár e aos cidadáns, que os botan da praza.

No segundo acto, e despois de que os irmáns pasasen a noite na rúa, aparecen un pardal, un gato e un can que axudan aos irmáns avisando aos nenos da vila que, cantando unha fermosa canción de berce, conseguen reunir os cartos para mercar o leite.

Brundibár, entón, alporizado pola competencia dos nenos, decide roubalos, pero de novo, todos unidos, os nenos e os animais, conseguen atrapalo e recuperar os cartos, cantando un himno de triunfo sobre o tirano Brundibár co que remata felizmente a ópera.

No personaxe de Brundibár pode verse a figura de Hitler, e o feito de que sexa vencido polos nenos e nenas confire á obra unha grande forza simbólica que sen dúbida contribuíu ao seu gran éxito.

As perxonaxes

- Pepicek
- Aninka –a irmá de Pepicek–
- Brundibár –organilleiro (na nosa versión un acordeonista)–
- Xeadeiro –vendedor de xeados–
- Panadeiro
- Leiteiro
- Garda

- Pardal
- Gato
- Can
- Coro

Ficha artística

Título: Brundibár

Ópera para nenos en dous actos

Música: Hans Krása (1899-1944)

Libreto: Adolf Hoffmeister (1902-1973)

Tradución ao galego: Katerina Vlasakova, Centro de Linguas Modernas (CLM) da USC, 2016

Revisión do texto traducido do checo ao galego: Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da USC, 2016

Adaptación do texto: Fernando Reyes Ferrón e Cándido Pazó

Narración: Cándido Pazó

Intérpretes: Escolanía da Catedral de Santiago de Compostela

Dirección de coro: José Luis Vázquez López

Xoven Orquestra Praeludium

Dirección musical: Mateo Iglesias Seoane

Escenógrafo: Carlos Alonso

Iluminador: Afonso Castro.

Lugar: Teatro Principal de Santiago de Compostela

Representación: Sábado 17 de decembro ás 20:00 h

Duración: 37 minutos

Organiza a Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela en colaboración co Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago.

Os instrumentos. O acordeón na música galega

Na ópera, os músicos/as adoitan situarse no foxo, dirixidos polo director/a de orquestra. Isto acontece nos grandes teatros de ópera, aínda que noutras ocasións non é posible por non haber espazo suficiente. Esta é unha desas ocasións nas que a orquestra está no escenario, o que ten a vantaxe de que ademais de gozar da actuación dos nenos e nenas do coro, vense e escóitanse aos intérpretes da música dirixidos polo seu director. Isto permite que o público centre máis a súa atención ao poder seguir o espectáculo no seu conxunto.

A música de Hans Krása será interpretada por unha orquestra de cámara composta polos seguintes instrumentos: acordeón, frauta/pícolo, clarinete en Sib, trompa en Sib, guitarra, piano, violíns, violonchelos, contrabaixo e percusión.

Na ópera orixinal, Brundibár é un músico (organilleiro) que se gana a vida tocando o seu *organillo* polas rúas. Este instrumento foi moi utilizado en moitos países de Europa e de América, tocado polas rúas para amenizar os viandantes.

Na representación de Santiago de Compostela aparece, no canto do *organillo* da ópera orixinal, un acordeón, un instrumento musical moi empregado non só na música popular galega, senón tamén na doutras zonas de España, de Europa e de Iberoamérica.

O primeiro acordeón foi construído en 1829 polo construtor de instrumentos musicais vienés, Cyrillus Demian.

É un instrumento musical aerófono libre de interrupción.

Como recolle na súa páxina sobre instrumentos musicais na tradición galega o Consello da Cultura Galega, en Galicia o acordeón aparece con relevancia a mediados do século XIX, pois “en 1880 engadíuselle un segundo teclado para a man esquerda que permitía facer un acompañamento á melodía da man dereita”, facendo isto que a gaita de fol fose parcialmente substituída polo acordeón, diminuíndo notablemente o seu uso a mediados do século XX. Así o pensan moitos gaiteiros e gaiteiras.



En Galicia durante moito tempo o acordeón estivo presente en bailes e festas de moitas aldeas galegas, sendo un instrumento que tocaban case unicamente os homes e ata hai ben pouco. O acordeón diatónico ou de botóns, co que só se pode producir unha escala diatónica, é o máis antigo. O máis moderno é o acordeón piano, aínda que pode ser tamén de botóns, pero que posúe normalmente un teclado semellante ao dun piano, de aí o seu nome. Este tipo de acordeón pode producir escalas cromáticas. Hoxe en día o acordeón é tocado tanto por homes como mulleres, sendo un instrumento co que contan moitos grupos e que se pode aprender a tocar en moitos centros de ensino musical.

O acordeonista que participa na nosa versión de Brundibár en Santiago de Compostela utiliza un acordeón cromático de botóns que ten un sistema que alterna na man esquerda bassetti ou estándar, co cal pode facer baixos con acordes ou levar unha melodía que complementa a da man dereita.

Como curiosidade, deixar constancia que no Berklee College of Music de Boston, unha das universidades especializadas en música máis importante do mundo, un mozo músico galego, Víctor Prieto, foi o primeiro estudante que cursou estudos de acordeón.

Webs

<http://www.consellodacultura.gal/asg/instrumentos/os-aerofonos/acordeon-cordion/>

Artigos xornalísticos

http://www.lavozdeg Galicia.es/lavozdelaemigracion/2009/09/08/0003_7956269.htm

4. ACTIVIDADES

Actividades previas á escoita da ópera

Actividade de motivación inicial: charla de Dagmar Lieblová celebrada o venres 16 de decembro en Santiago de Compostela.

Como alternativa pódese visionar o vídeo sobre a súa vida en Youtube: Dagmar Lieblová “From Bohemia to Belsen... And Back Again” (Czech Audio / English Subtitle).

<https://www.youtube.com/watch?v=QZ8aZEdQE4M>

Proponse o seguinte esquema de actividades:

1.- Avaliación inicial dos coñecementos musicais previos dos nenos e nenas sobre a ópera.

Completar a Ficha 1 –Actividades anteriores– (Ver anexo)

Preguntar aos nenos e nenas: seriades capaces de cantar ou cantaruxar algún pequeno fragmento de ópera?

2.- Explicar que Brundibár é unha ópera infantil composta e representada nun contexto histórico que fai dela que sexa unha obra única de tremendo valor, non só desde o punto de vista musical e artístico, senón tamén histórico e humano.



Explicar a Segunda Guerra Mundial e o Holocausto, aclarando os termos e o vocabulario para unha mellor comprensión e axeitado coñecemento do tema.

Para explicar a ditadura e a democracia, recomendamos estes libros ilustrados que pertencen á colección *Libros para mañana* galardoada co prestixioso premio Bologna Ragazzi Award na categoría de non ficción.

VV.AA. (2015). *Así es la dictadura*. Valencia: Editorial Media Vaca.

VV.AA. (2015). *Cómo puede ser la democracia*. Valencia: Editorial Media Vaca.

A continuación poderase iniciar unha conversa cos nenos/as a través de preguntas que fomenten a participación, a reflexión e o espírito crítico.



- Na actualidade hai algún conflito ou guerra?
- Cales son as causas?
- Que se está facendo para acabar coas guerras?
- Quen o fai? Como?
- Que organizacións coñeces que se preocupen dos dereitos humanos? E polos dereitos dos nenos e das nenas?
- Cres que seguen sendo necesarias? Por que?
- Que poderíamos facer para acabar coas guerras?
- Sabes se segue perseguindo hoxe nalgún país do mundo, os opositores políticos?
- Sabes se hai xente que teña que abandonar os seus países de orixe a causa das guerras ou da opresión e fuxir? Quizais tes escoitado algo sobre os refuxiados...
- Seguen existindo ditaduras? En que países? Cres que cambiaría a túa vida cunha ditadura? Sabes se aquí en España houbo algunha ditadura? Cando?

Para fomentar o interese pola procura de información, pódese pedir aos nenos/as que pregunten ás súas familias, que traian algún libro que lesen sobre o tema, algunha noticia publicada nun xornal..., e que compilen información en distintas fontes ou indagando na web, para posteriormente poñela en común.

3.- Facer unha lectura do texto de Terezín ou explicar a vida en Terezín. Pódese facer unha lectura en voz alta dalgunha das poesías escritas polos nenos de Terezín e tamén dalgún pequeno fragmento dun diario, acompañado todo isto dun visionado dos debuxos e poesías.

Establecer despois unha conversa a través de preguntas para fomentar a participación, a boa comprensión e interpretación da información sobre Terezín, así como a reflexión e o espírito crítico.

Algunhas preguntas:

- Que é un gueto?
- Por que Terezín era tamén coñecido como campo-gueto de tránsito?

- Onde está o campo-gueto de Terezín?
- Por que foi creado? Quen o ideou? Cando?
- Quen foi levado alí? Por que motivo? Como os levaban? Quen os levaba? Cres que ese era un motivo para levar a Terezín a esas persoas?
- Que tipo de persoas foron levados alí?
- Que organización internacional visitou Terezín? Por que motivo? Cres que era necesaria esa inspección?
- En que consistiu a campaña de embelecemento? Que fixeron os nazis para enganar aos delegados e delegadas das organizacións? Consegúrono?
- Hoxe en día, cres que seguen a ser necesarias esas organizacións, ou outras que cumpran funcións similares? Por que? Coñeces algunha?
- Que tipo de actividades culturais había en Terezín? Por que había tantas?
- Quen axudou aos nenos e nenas de Terezín a representar óperas? Isto supuxo algo para eles? E para as outras persoas que asistían ás representacións? Os artistas foron solidarios? Por que?
- Sobre que escribían e debuxaban os nenos e nenas de Terezín? Quen lles ensinou? Por que lles daban clases de debuxo? Só para que chegaran a ser grandes artistas? Ou para algo máis? Isto axudou aos nenos e nenas de Terezín?
- Cres que é importante axudar a que os demais se sintan ben e felices ou, no caso de Terezín, a polo menos non sentirse tan mal? Cres que os artistas axudaron aos prisioneiros de Terezín? Como? En que?
- Como pensas que se sentiría a xente que habitaba Terezín?
- Cando deixou de funcionar o campo-gueto de Terezín?

4.- Visionado do *making-off* incluído no blog *Cantando e contando* realizado sobre a ópera.
<http://cantandoecontando.blogspot.com.es/>

5.- Visionar pequenos fragmentos de vídeos da ópera para coñecer as personaxes e familiarizarse con ela. Pedir aos nenos/as que identifiquen as personaxes, os instrumentos e as voces.

Facer fincapé, ao identificar os instrumentos, que na versión da ópera que se presentou en Santiago non aparece un organillo, senón un acordeón.

6.-Facer a lectura colectiva sobre o texto *Descubriendo Bolboretas (Musiqueando Brundibár)* repartindo as personaxes. Esta actividade axudará a que cando se vexa o espectáculo se poida seguir mellor a ópera ao coñecer o argumento.

7.- Buscar nun dicionario ou na web vocabulario propio da ópera Brundibár para comprendela mellor, tanto o propiamente musical como o contexto histórico:

Da ópera

Ópera, aria, libreto, coro, voces brancas, violín, violonchelo, contrabaixo, acordeón, órgano, pícolo, clarinete, trompa, guitarra e piano.

Do contexto histórico

Gueto, brazaletes, Holocausto, xudeu, ditador, racismo, antisemitismo, nazismo, nazi e exilio.

8.- Recordar as normas na asistencia ás representacións musicais.

Actividades durante a representación da ópera

Chegar puntuais, coller o programa e sentar no sitio correspondente, acomodándose antes de comezar o espectáculo para evitar molestar o resto do público unha vez que comece o espectáculo.

Recordar que é importante ler o programa pois ten información sobre o espectáculo que van ver. Débese evitar xogar e facer ruído co papel do programa e ser o máis coidadoso posible para non molestar durante a representación ao resto do público e aos intérpretes.

Unha vez que comece a representación a escoita será activa pero respectuosa e en silencio. Isto quere dicir que deben estar moi atentos a todo o que vexan e escoiten: aos intérpretes, tanto instrumentistas como cantantes; ao narrador e ao espectáculo en xeral.

Débese evitar falar e facer comentarios durante a representación e deixalos para o final, xa que poderían molestar tanto ao público que vai ver e escoitar o espectáculo como aos intérpretes que se poden desconcentrar cos nosos ruidos ou comentarios. Así mesmo lembrar que detrás deste espectáculo hai un traballo moi grande de moita xente que preparou a representación e que nunca se debe esquecer. Ademais, así en silencio, gozarse máis da ópera que, en definitiva, é a finalidade de calquera espectáculo.

Actividades posteriores

- 1.- Completar a Ficha 1 –Actividades posteriores– a modo de “crítica musical” sobre a ópera (Ver anexo)
- 2.- Establecer unha conversa a través de preguntas sobre o espectáculo, para fomentar a participación, a boa comprensión, así como a reflexión e o espírito crítico nos nenos e nenas.

Algunhas preguntas:

- Que personaxes aparecen?
- Quen é Brundibár? Como é? Cres que representa a alguén? A quen?
- Que querían Pepicek e Aninka? Por que foron ao mercado?
- Que alporiza a Brundibár? Tiña razóns para iso? Cres que actuou ben?
- Quen axudou a Pepicek e Aninka?
- Cres que Pepicek e Aninka sentiron medo nalgún momento?
- Como conseguiron os cartos? Como atraparon a Brundibár? Cres que a unión e o feito de que

actuasen xuntos tivo algo que ver en que conseguisen os cartos? E se non tivesen actuado así? Conseguirían o mesmo? É importante o traballo en equipo? Que valores representan estas personaxes?

- Como acaba a ópera? Por que cres que vencen os que vencen? Por que pensas que o conseguen?
- Cal é a mensaxe que transmite esta ópera?
- Esta mensaxe cres que significaba algo para os nenos e nenas de Terezín que a representaban? E para o público que asistía ás representacións? Por que?

3.- Facer unha redacción ou breve escrito sobre o espectáculo. Pódense dar algunhas ideas ou pautas para que cada quen escolla libremente o que quere plasmar.

Algunhas ideas:

O espectáculo: narrador, coro, orquestra, personaxes, vestiario, escenografía, comportamento e actitude na asistencia ás representacións musicais... Comentar se che gustou a ópera, se che gustaría volver a escoitala e coñecer outras óperas, se foras nalgũa ocasión, se recomendarías ver esta a alguén e o motivo.

- A obra: o compositor, o libretista, onde se representou durante o Holocausto, quen a representou e o que significou para os nenos e nenas de Terezín.
- A narración.
- As personaxes.
- Os/as instrumentistas e os instrumentos.
- O argumento.
- O que máis me gustou e o que menos.
- Foi importante para ti coñecer e ir á representación desta ópera? Descubriches algo con esta ópera ou significou algo para ti?

4.- Facer debuxos sobre a ópera. Ao igual que nas redaccións, dar ideas, opcións ou pautas para que cada un/ha escolla libremente o que quere debuxar sobre o espectáculo.

Estes debuxos poden ir acompañados dun breve texto a modo de comentario.

Algunhas ideas:

- Debuxa a escena que máis che gustou da ópera.
- Unha personaxe ou as personaxes da ópera. Gustoume porque..., é a miña personaxe favorita porque...
- Os instrumentos que aparecen na representación. Un instrumento que che gustara en especial.
- O espectáculo en xeral.

5.- A partir do texto “*Descubriendo Bolboretas (Musiqueando Brundibár)*” repartir as escenas entre os nenos e nenas e ilustrar *Brundibár*. Engadir tamén un breve texto correspondente a cada escena.

Ilustrando *Brundibár*:

- Con todos os debuxos facer o libro ilustrado sobre *Brundibár*. Contará cunha sección onde o lector poderá expresar a súa opinión, impresións e reflexións libres, pero de xeito sempre respectuoso, sobre esta ópera.
- Tamén se pode facer unha exposición de *Brundibár* ilustrado ampliando os debuxos.
- Outra opción é facer unha presentación en *power point* co libro ilustrado para posteriormente visualizalo e acompañalo dalgúns fragmentos musicais da ópera.

6.- Traballo en equipo:


Buscar información ou indagar na web sobre organizacións que defenden os dereitos humanos para facer unha presentación para os outros compañeiros/as.

Elaborar carteis ou *power point* coa seguinte proposta que os propios nenos e nenas poden ampliar achegando outros diferentes:

- Por que nunca máis unha guerra?
- Por que nunca máis o Holocausto?
- Por que non ao racismo?
- Por que non á ditadura?
- Por que non á xenofobia?
- Por que non á violencia?
- Por que si á igualdade?
- Por que si á pluralidade?
- Por que si ao pluralismo político?
- Por que si á tolerancia?
- Por que si á xustiza?
- Por que si á democracia?
- Por que si á liberdade?
- Por que si ao respecto polos dereitos humanos?
- Por que si á solidariedade?

Facer un desfile coas parcartas, carteis ou unha proxección dos *power points* e recitar ou cantar todos xuntos o “*Va pensiero*” (“*Voa pensamento*”), da ópera *Nabucco*, de Giuseppe Verdi.

7.- Facer un texto escrito coas palabras: guerra, opresión, racismo, ditadura, democracia, tolerancia, xustiza, liberdade, igualdade, solidariedade, unión, cultura, música, antisemitismo e paz, expresando os teus desexos dun mundo mellor no que non se repitan os erros do pasado. Pode ser unha historia que te inventes, un conto... Acompañar a historia de símbolos positivos que representen estas palabras.



5. DESCUBRINDO BOLBORETAS (Musiqueando Brundibár)

Esta parte do proxecto pretende achegar a ópera infantil Brundibár dun xeito lúdico e sinxelo ás nosas aulas, adaptando lixeiramente os textos para a súa representación, seleccionando os fragmentos musicais máis doados de interpretar e suxerindo outras audicións para acompañar a súa narración, ben para cantar, instrumentar ou coreografar.

O obxectivo é que poida ser traballada ou interpretada en calquera aula, quedando ao criterio do profesorado unha adecuada selección dos materiais segundo as características de cada grupo, ou traballada, se é o caso, no seo das familias do xeito máis sinxelo posible. Por outra banda, os contidos buscan achegarse do mellor xeito á nosa realidade próxima, á de Galicia, a do noso Concello...

Os materiais complementarios para acompañar a representación: gravacións dos fragmentos musicais para escoitar ou ben para interpretar con acompañamento a modo de karaoke, partituras coas súas traducións ao galego e demais materiais de apoio, atópanse aloxados no blogue *Cantando e contando*: <http://cantandoecontando.blogspot.com.es/>

Tanto as ilustracións incluídas na guía, da imaxe da Praza de Abastos de Santiago de Compostela (que pode funcionar como escenario) como os personaxes da ópera, poden ser recortados para escenificar en miniatura, descargando as imaxes do antedito blogue.

As chamadas asignadas a letras correspóndense con contidos e actividades relacionadas co texto (ANEXO CONTIDOS).

As chamadas asignadas a números correspóndense con enlaces ás audicións suxeridas para cada momento (ANEXO AUDICIÓNS COMPLEMENTARIAS).

As partes rimadas incluídas no conto (en letra máis pequena) correspóndense á adaptación da ópera Brundibár. Os textos en cursiva sinalan as partes susceptibles de seren cantadas por nenos de Primaria pola súa menor dificultade. Materiais relacionados atópanse aloxados no citado blogue *Cantando e contando*.

A BOLBORETA

A última, a definitivamente derradeira
Tan viva, brillante, enfeitizadamente amarela
Quizais se as bágoas do sol puidesen cantar
contra unha branca pedra...
Tan, tan amarela
Voando transportaba o seu resplandor tan alto
Marchou, seino porque desexaba bicar o mundo
nun adeus.
Hai sete semanas que vivo aquí
encerrado neste gueto
Pero aquí atopei a miña xente.
Chámanme os dentes de león
e as brancas candeas de castiñeiro no patio.
Soamente nunca vin outra bolboreta
Aquela foi a derradeira
As bolboretas non viven aquí,
no gueto.

Pavel Friedmann (1921-1944, *Auschwitz*)
adapt.: Adela T. Maroño



DESCUBRINDO BOLBORETAS

(Texto e adaptación: Adela T. Maroño)

Aquela tarde Aldara paseaba saltaricando alegremente por riba de todos os petoutos e matogueiras que se lle cruzaban no camiño mentres agarraba fortemente coa súa manciña a manciña do seu pai. De súpeto soltouse e correu emocionada ata a beira do camiño:

—Papi, papi! Unha bolboreta...vou collela!

A voz do seu pai soou coma un estoupido no medio do val:

—Nooooon!!!!

E Aldara xemeu sobresaltada:

—Por que me berras? Non lle ía facer dano... só quería collela para levala para casa e que fose a miña amiga...

—Pero Aldara... —consolouna papá agarimando a súa inqueda cabeciña. As bolboretas non se levan para casa, pásalles coma as almas dos homes, que cando as prenden, esmorecen.

—Por que, papá?

—Porque precisan voar e ser libres para vivir. Se a colles coas túas manciñas quitaraslles o po miudiño que recobre as súas ás, unha morea de escamas pequechiñas que é o que lles dá as súas cores, as axuda a voar para agocharse dos perigos, alimentarse ou atraer outras bolboretas. Se a colles pode que rompan as súas ás e non poderá voar nunca mais. E as bolboretas, cando non poden voar, morren...

—Non papi, eu non quero que morran...

(A)

—Seino, Aldara. Vouche contar un contiño de algo que sucedeu non hai moito –malia que a algúns llelo pareza...–, un contiño de cando a avoa era pequena. Daquela moitos nenos coma ti foron levados a unha cidade que, para eles e

para moitas persoas máis converteuse nun pesadelo, nun cárcere do que a maioría desaparecerían para sempre.

(B)

—E non volveron saber deles nunca máis?

—As persoas ás veces desaparecen das nosas vidas pero o importante é que non desaparezan das nosas cabezas e dos nosos corazóns. Eses nenos viviron situacións que nunca debería vivir ningún neno. Por iso debemos coñecer as súas historias e as doutros que tamén hoxe en día están a sufrir as consecuencias das guerras e as desigualdades.

(C)

—E por que os encerraron? Portábanse mal?

—Non, ruliña, non. Portábanse ben. Os que se portaban mal eran os que os encerraban e rexeitaban por velos diferentes.

—A profe di que non debemos rexeitar a ningún por velo diferente, que temos que xogar e ser amigos de todos. Papi,... eses nenos non poderían xogar se estaban encerrados, non si?

—Non, Aldara. Si que xogaban porque os nenos nunca deixades de xogar. Tamén facían debuxos, poemas e incluso actuaban... Fixeron unha ópera.

—Ópera? —estrañouse Aldara.

—Si, unha ópera, unha actuación de teatro con música e cancións. Nela contaban e cantaban a historia de dous irmanciños que loitaron por conseguir salvar á súa naiciña enferma.

—Conta, conta...

— —

ACTO I

Aniña e Pepiño deambulaban tristes pola praza do mercado (D). Nas súas cabezas tronaba o eco das terribles palabras que o doutor pronunciara aquela noite mentres lle tomaba a febre á súa nai:

CORO CANTA

*Ergueuse quedo o doutor
Para curar deu a súa opinión:
Ela precisa repousar
leite teredes que lle dar*

ANIÑA —Como imos conseguir leiteño para que cure mamá?

PEPIÑO —Papá marchou á guerra e non temos un pesiño...

ANIÑA E PEPIÑO —Que faremos? Matinemos...

Mentres, a praza do mercado íase enchendo aos poucos dos pregóns dos vendedores e da xente da vila

XEADEIRO

De vainilla, fresa ou piña,
amorodo ou variados
Quen me compra estes xeados?
De limón ou de turrón
todos gustan un montón.
Non quededes sen probalos
Compren todos meus xeados!

CORO CANTA

*Xa chegou coas lambetadas
as mellores, as xeadas (bis)*

PANADEIRO

Traio pan, son panadeiro,
boliños pra quen os queira,
redondiños, ben tenriños,
pan de hoxe ben fresquiño
de millo, trigo ou centeo
Pra que quededes ben cheos!

CORO CANTA

*Da mellor panadería
véndanos mercadoría (bis)*

LEITEIRA (E)

Leite, leite,
Leite fresco
Do mellor,
probade un pouco
Un grolíño ou un “*cuartillo*”
han tomar papás e fillos!

CORO RECITADO

Véndanos manteiga, queixo,
requeixo e leite fresco.
Mais a estes irmáns primeiro
porque non teñen diñeiro.

ANIÑA E PEPÍÑO

Nosa naiciña está enferma
axúdenos dona leiteira
Leite temos que lle dar
para que poida sanar

LEITEIRA CANTA

*Para non enfermarse
o doutor fala
Mais para estar sans
leite fai falla*

CORO CANTA

*Leite fresco e ben barato
Botade no balde os cartos!
Mais de balde non hai trato
non hai leite nin para o gato*

ANIÑA E PEPÍÑO CANTAN

*Moito leite, tes leiteiro,
moito pan o panadeiro,
ricos xeados os xeadeiros,
mais nós non temos diñeiro*

Déanos leite, señor,
pedímosllo, por favor...

GARDA

Leite tráenos o leiteiro
pan enforna o panadeiro
ricos xeados o xeadeiro
mais vós non tendes diñeiro.
Se algo queredes mercar

terédelo que pagar
se alguén quere ben gozar
antes ten que traballar.

PEPIÑO

Aniña, non temos cartos para pagar o leite... Que ha de ser da nosa mamaíña?

ANIÑA

A xente dá cartos a cambio de algo. Que podemos facer nós que os valla?

PEPIÑO

Atende ao acordeonista, todo o mundo lle dá algunha dádiva...

(1)

Aniña e Pepiño observan como a xente baila ao son que toca o acordeonista Brundibár, que en checo significa abellón (F).

ANIÑA

Pois...se pagan por tocar...
Darannos a nós por cantar!

ANIÑA E PEPIÑO

Primeira canción
*Ocas do meu curral
seica o vento as levou
Vímolas emigrar?
porque o outono chegou
Rebule Brundibár:
“Ocas, por que marchar?”
Se as ocas teñen frío o
forno é seu fogar.*

ANIÑA

Semella que non lles gustou

PEPIÑO

É que o final é bastante terrible...

ANIÑA

Pois cambiaremos o conto!

Segunda canción

*Sulcando os ceos vai
e saudando coa man
nun gran paxaro gris
o capitán Novak.
Cando as nubes do ceo
ata el ve chegar
coa hélice prateada
vai agarimar.
Ando a mirar o ceo
neste meu camiñar,
paxaro quero ser
e nun intre soñar
Quero ser un avión,
un tren e viaxar
cal capitán Novak
libre...quero voar*

—Papi, que cantiga tan bonita!

—Gustouche, non si Aldara?

—Gustoume si, porque eu tamén quereda viaxar de maior e voar libre coma unha bolboreta.

—Alégrame que che guste, tamén lles gustou aos nenos e nenas que había na praza, mais os maiores continuaron escoitando ao acordeonista e Aniña e Pepiño puxéronse moi tristes, non entendían por que aos maiores non lles gustara a súa canción e si a daquel cantamañás barulleiro (é que ás veces pasa que aos nenos e aos maiores non nos gustan as mesmas cousas) e tampouco sabían que argallar para chamar a atención da xente e así poderen gañar os cartos que precisaban para que curase a súa naiciña. E sabes que fixeron?

—Pois non.

—Comezaron a arremedar a Brundibár que, moi enfadado e apoiado polos vendedores do mercado, berroulles. Aniña e Pepiño, arrepentidos, ficaron nun recunchiño mentres Brundibár, presumido, ocupaba cantando toda a praza para el só.

(2)

BRUNDIBÁR CANTA

*Que xente maleducada
érase o que me faltaba
se fose o seu pai –pensaba–
que así non se comportaban.
Aquí só toco eu –lles dixen–
que dos meus terreos lisquen!
Todos veñen escoitar
ao famoso Brundibár.
Ao meu ritmo todos cantan,
meu acordeón lles encanta,
e os que a miña arte non captan
que se vaian se non danzan.
Aquí veño eu mandar
Son...o famoso Brundibár!*

—Que malo e mandón ese Brundibár, non quería compartir nada!

—Si, e ademais abusaba do seu poder acaparando toda a praza e botando os nenos para fóra.

—A profe di que iso se chama bulling (G).

—Si, Aldara, é algo moi feo co que se fai moito dano.

—E que fixeron Aniña e Pepiño?

—Pois mentres anoitecía os pobres Aniña e Pepiño ficaron durmidos e esgotados, collidos da man nun recunchiño da praza ao tempo que tres novos persoeiros, un pardal, un gato e un can contemplaban compasivos a escena matinando como poder axudalos.

PARDAL

Pobres Pepiño e Aniña
teñen doces voceciñas
meu chíó vai axudar
a calar a Brundibár

GATO

Eu vexo o que outros non ven.
Contade comigo tamén!

CAN

Son valente e fiel amigo.
Contade tamén comigo!

PARDAL, GATO E CAN

Xuntémonos para gañar
ao malvado Brundibár!
Un gran coro xuntaremos
chamando a todos os nenos,
co amencer ao espertar
xuntándonos imos triunfar.

(3)

ACTO II

(A cidade esperta (4). O can, o gato e os nosos protagonistas espreguizáanse cos rechouchíos do pardal (5). Atendendo á convocatoria dos animais para botar da praza o acordeonista, a rapazada vaise achegando).

PARDAL

Son as seis, abride os ollos
son horas de espertar

GATO

Son un pouco lacazán
deixádeme durmir máis

CAN

Erguédevos xa, rapaces,
que hai moito que argallar!

PEPIÑO

Bos días, pequerrechiña

ANIÑA

O sol está a raiolar

PARDAL, CAN E GATO

Raparigos, escoitade,
hoxe temos que axudar
a Aniña e mais a Pepiño
que leite deben mercar.
Eles pensan que cantando
algúns cartos han gañar
para mercar o leiteño
e curar a súa mamá.
Vinde xa, xuntade as voces
pra o tirano derrocar
que todos xuntos cantando
hanos o mundo escoitar.

CORO NENOS

*Xa o sabemos, entendemos e alí puntuais estaremos (bis)
Estaremos.*

BRUNDIBÁR CANTA

*Ola, aquí estou xa de novo
traio música para todos
para os ricos para os pobres
do pobo todos me oen.
Co acordeón interpretando
polkas, xigas, valeses, tangos
ninguén me arrebatara o trono
destas rúas son o dono.
Teño máis sona que o Zar
Son...o artista Brundibár...*

PARDAL

Vinde raparigos xa!
Témonos que preparar
A guerra con Brundibár...
Comezará

(Todos xuntos van amedrentar a Brundibár para escorrentalo)

BRUNDIBÁR CANTA

*Fóra can, sarnoso e vello
e ti, gato feo e marelo,
ou deixades esta feira
ou vos dou unha malleira.*

*Aquí xa abundan palabras
velaí vai a labazada
Este can traboume un chisco
no pantalón un petisco.*

(Brundibár lisca e agóchase mentres os nenos se xuntan para cantar unidos e axudar a Aniña e Pepiño a conseguiren os cartos para mercar o leite).

TODOS CANTAN

*Mamáña a arrolar
o berce está a abalar,
pensa no que será
do meniño ao medrar.
Unha vez do niño
voará o merliño,
non se pode saber
onde e que vai ser del
Voará, medrará, cara ao mar viaxará
Os anos pasarán...
Mamáña verás
canto imos nós medrar,
con morriña quizais
a infancia lembrará.
Como nos bañabas
cando eramos bebés,
non se pode esquecer
a calor do teu querer.
Mamáña a arrolar
ao tempo está a pensar.
Non te preocupes máis,
que nós te imos coidar.*

—Papi, eu tamén te coidarei cando sexas velliño
coma coidan Aniña e Pepiño a súa mamá.

—Grazas Aldara, o amor verdadeiro sempre
coida dos que ama.

(6)

—Papi, sabes? a mestra tamén nos di que debe-
mos querer e respectar as persoas maiores coma
os nosos avós porque deles podemos aprender
moitas historias e cousas que non sabemos.

—Claro, Aldara, a túa mestra ten toda a razón. De aprender non se acaba nunca e facelo dos nosos maiores é a mellor oportunidade de descubrir a nosa historia viva, contada coas alegrías e as bágoas de quen a viviu, coas palabras nacidas da terra. Como di esta cantiga de berce...
“agora ao medrar ides comprender cantas bágoas hai nas letras do falar, prantos a lembrar”

(7)

—Gústame moito, papi, mais ponme un pouco triste.

—Pode, ruliña, porque esta cantiga cantábaa o pobo xudeu durante a Segunda Guerra Mundial para darse forza e azos ante as cousas tan tristes que lle estaban a pasar.

—Como Aniña e Pepiño?

—Si, como Aniña e Pepiño e os nenos do pobo que non se renderon, cantaron e loitaron xuntos para vencer ao abusón Brundibár e deste xeito conseguiron cumprir os seus desexos: mercar o leite para curar a súa mamaíña e algo igualmente importante, unirse con afouteza para defender o seu, a súa praza, os seus dereitos e así aprender a voar libres coma as bolboretas.

Nenos reunidos para seren deportados ao campo de exterminio de Chelmno (Polonia)



(8 e 9)

ANEXO AUDICIÓNS COMPLEMENTARIAS:

(1) Coreografía do aire de valse (do repertorio de “Os Rosales”)

<https://www.youtube.com/watch?v=IgzFxmLzAU>

(2) Coreografía: O voo do abellón de Rimsky-Korsakov.

<https://www.youtube.com/watch?v=O1JrcyS5Yuk>

Tempo de Melodía: O abellón

<https://www.youtube.com/watch?v=GufdmEY7UkE>

Maestro Minnie

https://www.youtube.com/watch?v=T_OtmTk_X4w

David Garret

<https://www.youtube.com/watch?v=d22O9B822fM>

Malena Ernman

<https://www.youtube.com/watch?v=sbQwQetKm2g>

Oleg Sharov

https://www.youtube.com/watch?v=tqIS9t_VTmA

O conto do tsar Saltán –O voo do abellón

<https://www.youtube.com/watch?v=l8MBI-AoQzo>

O príncipe e o cisne ou o tsar Saltan

<https://www.youtube.com/watch?v=HMaNKhEaoH4>

<https://www.youtube.com/watch?v=r16X2xsXEOc>

(3) Cantan a “Cantiga de Berce” de Fuxan os Ventos

(4) Coreografía: “A mañá” de Peer Gynt

<https://www.youtube.com/watch?v=3Gk9xfUontc>

(5) Coreografía: “Paxaros do Carnaval de Saint-Saëns”.

<https://www.youtube.com/watch?v=yQ-vnExjvDE>

(6) Canción: “All you need is love”

Beat Bugs

<https://www.youtube.com/watch?v=WFFFgROJ1nQ>

<https://www.youtube.com/watch?v=hbajaoYuvjg>

<https://www.youtube.com/watch?v=19LadvrKzkn>

(7) Cantan “Na lareira” (Oyfn Pripetchik)

<https://www.youtube.com/watch?v=yJzFKzaNbUI>

<https://www.youtube.com/watch?v=qhK9CUktcPc>

(8) Brundibár clip for Terezín (Secuencia final da ópera Brundibár representada no campo-gueto de Terezín en 1943)

<https://www.youtube.com/watch?v=fMiuQfaysrE>

(9) “Va pensiero” (Voa pensamento)

https://www.youtube.com/watch?v=_oGGwDftODc

<https://www.youtube.com/watch?v=xOFpvHpF22k>

As audicións 6, 7 e 9 entrarían ademais a formar parte dun proxecto participativo que integraría unha *performance* de cara ao Día da Paz. Tanto “Oyfn Pripetchik” (Na lareira) como “Va pensiero” foron cantadas en distintos momentos históricos como símbolos de resistencia, no caso de “Na lareira” contra a opresión nazi e no do “Va pensiero” como himno patriótico italiano fronte ao dominio austríaco. Os dous fan referencia aos padecementos do pobo hebreo en distintos momentos da súa historia e os dous teñen en común con Brundibár que significaron para moita xente unha esperanza de loita e liberdade. De aí a súa escolla para interpretar e coreografiar coas traducións ao galego realizadas para esta ocasión de cara ao Día da Paz, 30 de xaneiro, xunto coa *performance* das bolboretas, fío condutor desta guía e símbolo do pensamento que voa libre de ataduras aínda nos momentos máis adversos.

Familias xudías saíndo
do gueto de Cracovia con
destino a Auschwitz



(9) PENSAMENTO de G. Verdi
(Adaptación ao galego: Adela T. Maroño)

Pensamento, voa con ás douradas
vai pousar nas praderías e cumes
onde exhala o seu suave perfume
o doce aire da nosa terra natal.

Dálles ás veigas dos mil ríos a benvinda
saúda as torres derruídas de idades pasadas
Miña patria tan bela e perdida
oh, lembraza querida e fatal!

Harpas de ouro de máxicos fados
por que muda entre os freixos non soas
a lembranza nos peitos resoa
que nos fala do tempo que foi!

Cal destino dun pobo emigrado
entoando no ar crus queixumes,
que o alento que o espírito che infunde
torne o teu padecer en virtude e amor
torne o teu padecer en virtude e amor
torne o teu padecer en virtude e amor
en virtude e amor.

(7) “NA LAREIRA” de M. Warshawsky
(Adaptación ao galego: Adela T. Maroño)

No amor da lareira daquel fogar
Que se está a quecer
O alfabeto aos nenos estalle a ensinar o
mestre e a ler (bis).

RETROUSO:
Debedes lembrar, nenos aprender
que se está a ensinar
que importancia ten o ler e comprender o
noso ABC (bis).

Temos que ensinar,
na ledicia a ler
debemos saber
a sorte que ten quen se pode educar e
aprende a aprender (bis).

Debedes saber, agora ao medrar
ides comprender
cantas bágoas hai nas letras do falar, pran-
tos a lembrar (bis).

Se a morriña, nenos, chega a pesar
lonxe algunha vez
as palabras sempre forza hanvos de dar,
verbas do querer (bis).



Un grupo de xudeus
húngaros a súa
chegada a Auschwitz
no verán de 1944

ANEXO CONTIDOS:

(A) E ti, viches aquí algunha bolboreta?

Cada vez hai menos bolboretas nos nosos campos. Moitas son as causas: os incendios, o aumento da contaminación ambiental, o quecemento global, o uso de pesticidas, a expansión urbanística, a eliminación da nosa flora silvestre, os monocultivos, a plantación masiva principalmente de piñeiros e eucaliptos, a proliferación de muíños eólicos..., están a facer que moitas especies de bolboretas galegas estean en risco de desaparición aínda nas zonas que constitúen as súas reservas tradicionais: Os Ancares, Pena Trevinca, O Courel, a Serra do Xistral, Fragas do Eume...

Actividade: Localiza nun mapa de Galicia as zonas citadas.

Máis o da nosa comunidade non é un fenómeno illado, supón un indicativo do risco da contaminación ambiental que apenas se dá onde abundan as bolboretas.

Lembra: Onde atopas ti bolboretas?

Hoxe en día existen iniciativas para promover espazos urbanos con flora silvestre autóctona para favorecer hábitats adecuados para as bolboretas. Un deles está na Cidade da Cultura. Podes dar un paseo e anotar as especies autóctonas silvestres que alí están catalogadas.

Nesta páxina podes atopar bolboretas fotografadas na nosa comunidade.

<http://mariposasengalicia.blogspot.com.es/>

(B) Vistas panorámicas do campo-gueto de Terezín

<http://fcit.usf.edu/holocaust/resource/VR/TEREZIN.htm#SFENTER>

(C) “Nenos do Holocausto”. Episodios animados que narran seis historias reais.

Episodio 1:

<https://www.youtube.com/watch?v=BJTX1cZwkeQ>

Episodio 2:

<https://www.youtube.com/watch?v=dkaJYG-KlvA>

Episodio 3:

<https://www.youtube.com/watch?v=fdNrmnyOkzo>

Episodio 4:

https://www.youtube.com/watch?v=q3P4j1Q_HFE

Episodio 5:

<https://www.youtube.com/watch?v=FpxW8kXpmxA>


Episodio 6:

<https://www.youtube.com/watch?v=Up9GUMBVAj8>

(D) No mercado: A Praza de Abastos

A escena de Brundibár sitúase na praza dunha cidade durante a Segunda Guerra Mundial na que conflúen feirantes e xente do pobo; a escena da nosa guía tamén quixemos situala nunha das nosas emblemáticas prazas, a Praza de Abastos, cuxa construción se desenvolve case paralelamente coa Segunda Guerra Mundial, comezándose en 1941 e rematándose en 1945 (data tamén de finalización desta trágica contenda).

A nosa Praza de Abastos construíuse no lugar do antigo Mercado da Cidade que data de 1873 e do que se aproveitou o lousado de granito e a muralla que linda coa Virxe da Cerca. Hai que lembrar que o trazado desa rúa coincide co da antiga muralla medieval que arroteaba en tempos a cidade de Santiago. Dentro dos seus muros celebrábanse desde a Idade Media mercados como o da Praza de Mazarelos (cuxa porta é a única das sete polas que se accedía á cidade que aínda se conservan) e no que se vendían, entre outros, produtos que por alí entraban na cidade, e o da Praza de Cervantes, de seguro, ambos os dous, precursores da actual Praza de Abastos. Nestes dous mercados podían comprarse artigos alimentarios como peixe, carne, viños, cereais, verduras... mentres que na contorna da Catedral atopábanse aqueles de interese máis “turístico”, é dicir, os que mercaban os peregrinos (hai que ter en conta que nas actuais rúas das Praterías e da Acibechería asentábanse os gre-



Praza de Abastos de Santiago de Compostela

mios de prateiros e acibecheiros) ademais dos cambiadores de moedas.

Actividade: Buscar información sobre o actual funcionamento da Praza de Abastos.

(E) Un oficio tradicional: As leiteiras

Un dos personaxes máis familiares nas nosas rúas eran as leiteiras. Elas abastecían as cidades de leite que xeralmente transportaban desde as aldeas dos arredores en sellas e caldeiretas a unha clientela fixa. Algunhas facían difíciles percorridos coma as leiteiras de Carnota fotografadas por Ruth Matilda Anderson, que para vender o leite en Muros atravesaban os montes polo alto de Porta Ventosa desde Carnota. Máis doados eran os percorridos das leiteiras que abastecían Santiago, xeralmente desde Marozos, Figueiras, Villestro... Aínda hoxe en día pódese percorrer un tramo do chamado “camiño das leiteiras de Villestro”, antigo camiño real que en tempos utilizaban, e seguen a utilizar, os peregrinos para chegar a Santiago. Na Alameda de Santiago érghuese en homenaxe ás leiteiras unha escultura de Fernando G. Blanco.

Actividade: Localizar a escultura da leiteira da Alameda e buscar na rede outras manifestacións artísticas que as representen en Galicia.



A leiteira.
Escultura de Fernando
G. Blanco

(F) Brundibár (O abellón)

O abellón é un insecto máis grande e grosso ca abella, ten un vello sedoso que recobre o seu corpo e favorece a polinización. Por iso, malia que non nos resulte tan simpático coma as abellas, é preocupante a súa progresiva desaparición. O abellón (como na ópera o personaxe de Brundibár) resúltanos pouco amigable. En Galicia, debido ao seu costume de aniñar baixo a superficie da terra asóciase coas meigas que queren facer dano. De feito, queda reflectido no noso refraneiro: “O que mata unha abella ten cen anos de pena” e “O que mata a un abellón, ten cen anos de perdón”.

Xoga e aprende:

Abellón tamén se lle chama a unha persoa de conversa pesada e molesta xa que así é tamén o seu zunido. Imitando este, tanto en Galicia como noutras comunidades xogábase tradicionalmente ao abellón. Investiga cales son as regras do xogo e propono para xogar cos compañeiros e compañeiras.

O zunido do abellón tamén se imitaba en Galicia en rituais funerarios. Busca na rede información sobre este costume.

(Abellón, xogo de tres rapaces no que un, posto no medio e imitando coas mans diante da boca o son do abellón, tenta darlles labazadas aos outros dous e, ao tempo, evitar as súas).

(G) Holocausto e *bulling*

Brundibár, o personaxe que dá nome a esta ópera, representa o acosador, personifica o abuso do poder fronte aos máis débiles, o autoritarismo, a falta de empatía e a vileza moral; nas representacións de Terezín caracterizábano con bigote, acentuando así a similitude co ditador, Hitler. Fronte a el, Aniña, Pepiño e os seus amigos representan os valores de solidariedade, compañeirismo, loita e defensa do territorio e contorna afectiva. Nun principio son acosados, arrecunchados, expulsados da praza non só por Brundibár, senón polo grupo social que o apoia, nun claro exemplo do que hoxe chamariamos un incipiente *bulling*. Nese punto establécese un claro paralelismo coa situación que está a sufrir o pobo xudeu, esa violencia crecente, sistemática, intimidatoria, brutal, que conleva o maltrato ata o inconcibible, a morte, amparándose nese marco desigual de poder onde o máis forte denigra e maltrata o outro por ser diferente, por motivos económicos, sociais, étnicos, físicos...

O *bulling* non é un problema exclusivo das aulas, dáse sempre que unha persoa ou grupo exerzan actitudes prepotentes, abusivas, de control, dominación..., que acaben desembocando en maltrato e

violencia cara outra persoa ou grupo. Deuse co pobo xudeu e dáse con calquera outro xenocidio. O Holocausto non foi exclusivo do pobo xudeu, antes do comezo da guerra en Europa vivían ao redor de nove millóns de xudeus. Durante a Segunda Guerra Mundial o réxime exterminou a case dous de cada tres xudeus, 200.000 xitanos e ao redor de 200.000 discapacitados. Tamén foron perseguidos outros grupos cidadáns considerados perigosos para o réxime pola súa raza, ideoloxía, relixión ou conduta (polacos, rusos, homosexuais, Testemuñas de Xeová, clérigos cristiáns, comunistas, presos de guerra soviéticos...). Tamén presos españois e galegos formaron parte dese exterminio, na súa maioría exiliados logo da Guerra Civil. Moitos morreron en campos de concentración coma o de Mauthausen, esquecidos polo réxime de Franco.

Actividade: Buscar datos para facer unha posta en común sobre os galegos e o Holocausto. Sabes de alguén da túa contorna que coñeza persoas que viviran situacións similares? Realizar entrevistas para facer un compilatorio de experiencias na aula.

Actividade: Buscar información sobre outros xenocidios: causas, localización xeográfica, número de mortos..., e expoñer os resultados por grupos na aula.

Na páxina http://shoamemoriaylegado.com/etapa-desp_otros-genocidios.html pódese atopar información sobre este tema.

Na ópera, Aniña e Pepiño, malia a súa situación de desvantaxe e vulnerabilidade (son nenos e pobres) enfróntanse ao opresor con confianza, dando o primeiro paso para deixar de seren vítimas. Pero saír dos círculos da opresión non só incumbe ás vítimas, incúmbenos a todos. Precísase un labor de concienciación social, de educación para a paz comezando polas familias e polas escolas. Existe hoxe en día unha abundancia de materiais para a prevención e tratamento da violencia en xeral e particularmente nas aulas. A Consellería de Cultura Educación e Or-

denación Universitaria na súa páxina Educonvives.gal ofrece, ademais das ferramentas para desenvolver o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, un protocolo actualizado para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar.

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

Tamén son cada vez máis os concellos de Galicia que están a desenvolver programas e accións de sensibilización arredor destes temas.

Recoñecer calquera tipo de acoso é o primeiro paso para combatelo. É a nosa obriga como cidadáns e para iso cómpre coñecer tanto a nosa historia como a actualidade do mundo que nos arrodea. Agardamos con esta guía poñer o noso pequeno gran de area para que os ollos dos nosos nenos nunca teñan que mirar a derradeira bolboreta.

6. BIBLIOGRAFÍA, DISCOGRAFÍA E VIDEOGRAFÍA

Bibliografía

- Boyne, John (2006). *O neno do pixama a raias*: Factoría K de libros, 2007.
- Anna Frank (2016). *El diario de Ana Frank*: Susaeta.
- Ginz, Petr (2006). *Diario de Praga (1941-1942)*. Barcelona: Acantilado.
- Goldman Rubin, Susan e Ela Weissberger (2008). *The Cat with the Yellow Star: Coming of Age in Terezin*. Fort Collins: Holiday House.
- Hassan, Yaël (2004). *El profesor de música*. Madrid: Edelvives, 2016.
- Kushner, Tony (2003). *Brundibar*. New York: Hyperion Book.
- Leyson, Leon (2013). *El niño de Schindler*. Barcelona: Nube de tinta, 2015.
- Pacheco, Miguel Ángel (2003). *El último gigante*. Madrid: Siruela.
- Porat, Dan (2010). *El niño: una historia del Holocausto*. Madrid: La Esfera de los libros, 2011.
- Puig-Pey Stiefel, Déborah (2015). *Las músicas de Brundibar*. Barcelona: Edicions Bellaterra.
- Thomson, Ruth (2013). *Terezin: Voices from the Holocaust*. Somerville: Candlewick.
- Vander Zee, Ruth (2003). *A historia de Erika*. Pontevedra: Kalandraka, 2005.
- VV.AA. (1987). *I Never Saw Another Butterfly: Children's Drawings and Poems from the Terezin Concentration Camp*. Tel Aviv: Schocken.
- VV.AA. (2015). *Así es la dictadura*. Valencia: Editorial Media Vaca.
- VV.AA. (2015). *Cómo puede ser la democracia*. Valencia: Editorial Media Vaca.
- Weiss, Helga (1941-1943). *El diario de Helga: testimonio de una niña en un campo de concentración*. Madrid: Editorial Sexto Piso, 2013.
- Zullo, Allan (2005). *Survivors: True Stories of Children in the Holocaust Paperback*. New York: Scholastic.

Discografía e videografía

Mark Jonathan Harris; Deborah Oppenheimer; Kate Amend; Judi Dench. (2000). En *brazos de un extraño: El traslado de los inocentes*. Ed: Warner Bros.

Rodríguez, Silvio (2006) *Érase que se era*. CD

Binding, Dorothee; Mirow, Benedict (2013) *Refuge in music. Terezín* (DVD-Vídeo)

Anne Sofie von Otter, Bengt Forsberg, Christian Gerharter, Daniel Hope (2007) *Terezín-Theresienstadt*. CD

Robert De Cormier (1996). *Brundibar and Hebrew and Yiddish Folk Songs*

7. FONTES BIBLIOGRÁFICAS E WEBS

Webs

<http://unesdoc.unesco.org/images/0021/002186/218631S.pdf>

<https://www.ushmm.org/es>

<https://es.wikipedia.org/wiki/Holocausto>

https://es.wikipedia.org/wiki/Segunda_Guerra_Mundial

<http://holocaustmusic.ort.org/es/places/theresienstadt/>

https://es.wikipedia.org/wiki/Hans_Kr%C3%A1sa

https://es.wikipedia.org/wiki/Adolf_Hoffmeister

[http://www.consellodacultura.gal/asg/instrumentos/os-aerofonos/acordeon-cordion/](http://www.consellodacultura.gal/asg/instrumentos/os-aerofonos/ acordeon-cordion/)

<http://www.memoriales.net/topographie/checoslovaquia/terezin.html>

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

<http://www.xunta.gal/dogPublicados/2014/20140909/AnuncioGo164-050914-0005gl.pdf>

Artigos xornalísticos

http://elpais.com/elpais/2013/08/12/eps/1376325639_007346.html

http://elpais.com/diario/2006/06/11/eps/1150007211_850215.html

<http://www.abc.es/cultura/20150818/abci-campoz-nazi-cruz-roja-201508122201.html>

8. ANEXOS

FICHAS

Ficha 1. Actividades previas

Que sabemos sobre á ópera?

Que é unha ópera?

Coñeces algunha ópera?

Viches nalgunha ocasión unha ópera? Onde? Fostes ver algunha vez unha ópera en directo? Onde?

Escoitas algunha vez ópera na túa casa?

Coñeces algún compositor de ópera? Coñeces algún cantante ou intérprete de ópera?

Cres que calquera cantante pode interpretar unha ópera?

Que pensas da ópera? divírteme, abúrreme, é un xénero musical que descoñezo e non sei se me gustaría ou non se o coñecese mellor, páreceme interesante, gustaríame aprender cousas sobre ópera, non me interesa...

Ficha 2. Actividades previas

Completa con **V** (Verdadeiro) ou **F** (Falso)

Sobre a Segunda Guerra Mundial e o Holocausto

O nazismo ditou moitas leis que restrinxían a vida e os dereitos de todos os alemán.....

O nazismo ditou moitas leis que restrinxían a vida e os dereitos dos xudeus.....

A guerra acabou coa victoria das potencias do Eixo sobre os Aliados en 1945.....

Tras a Segunda Guerra Mundial creouse a Organización das Nacións Unidas (ONU), que é a maior organización internacional, coa función principal, entre outras, de prever futuros conflitos e manter a paz e a seguridade internacional.

Hoxe en día non existe a ONU.....

Sobre *Brundibár* e Terezín

Brundibár é unha ópera composta en 1938 na antiga Checoslovaquia

Brundibár foi representada por primeira vez en Terezín.....

En Terezín foi representada unhas 55 veces.....

Terezín foi convertida nun campo-gueto de tránsito polos nazis.....

Os nazis transformaron Terezín na chamada campaña de “embelecemento” porque querían que mellorara a vida dos seus habitantes.....

En Terezín nunca se daban concertos.....

Os nazis transformaron Terezín na chamada campaña de “embelecemento” porque querían enganar á delegación da Cruz Vermella.

Os nazis non conseguiron enganar aos delegados das organizacións que inspeccionaron Terezín.....

Máis de 4000 debuxos dos nenos e nenas de Terezín sobreviviron á guerra e se utilizaron como proba do Holocausto.....

Sobre o compositor e o libretista

Brundibár foi composta por Adolf Hoffmeister con libreto de Hans Krása.....

Adolf Hoffmeister foi un polifacético artista, pintor, ilustrador, escritor e político.....

Brundibár foi composta en Terezín por Hans Krása.....

Hans Krása exiliouse.....

Ficha 2. Actividades posteriores

BRUNDIBÁR E O SEU CONTEXTO HISTÓRICO:

COMPOSITOR:

LIBRETISTA:

A REPRESENTACIÓN (Programa, argumento, narración, intérpretes, instrumentos, música, escenografía, vestuario...):

ILUSTRACIÓN DAS PERSONAXES



Brundibár



Pepiño



Aniña



Pardal



Can



Gato



Xeadeiro



Panadeiro



Leiteira



Garda

PARTICIPANTES NA ÓPERA *BRUNDIBÁR*

O día 17 de decembro de 2016 a ópera *Brundibár* representouse no Teatro Principal de Santiago de Compostela e o día 18 no Teatro Afundación de Vigo.

ORQUESTRA PRAELUDIUM

Director: Mateo Iglesias Seoane

Violíns

Marcos Rodríguez Varela (*Concertino*)
Gonzalo López Souto (*Axuda de Concertino*)
Marta Sánchez Villarabide
Alicia Riera Maroño
Carla Lorenzo Pérez
Andrés Búa Fernández
Beatriz Míguez Martínez
Tatiana Cidrás Abal
Clara Ferreiro Varela

Violoncellos

Manuel Fernández García (*Principal*)
Martín Herrera Barrio
Adela Riera Maroño
Andrea Arrojo Otero

Contrabaixo

Ángel Vidal Cortizo

Frauta

Mónica Rollings Sánchez

Clarinete

Érica A. Santiago Niebles

Trompeta

Esteban Lemos Portillo

Piano

Patricia Pallas Otero

Percusión

Alvaro Pallas Otero

Guitarra

Álvaro Iglesias Seoane

Acordeón

Nuno Estévez Pazó

ESCOLANÍA DA CATEDRAL DE SANTIAGO

Director: José Luis Vázquez López

Clara Alonso Jeremías
Elisa Andiñón Mosquera
Teresa Andiñón Mosquera
Inés Ansede Vilas
Elda Bello de Miguel
María Bello de Miguel
Erea Caridad Lado
Uxía Carreira Neira
Lucía Cerviño Sánchez
Nerea Collazo Carballude
Martín Cortizo Rey
Carolina Díaz Moltó
Irene Fraga Cuña
Ana García Miguéns
Alba Gómez Romero
Miriam González Casado
Candela Hervés González
Cayetana Hervés González
Antía Lamas Sánchez
Lara Liñares Pombo
Brais López Barros
Clara Loureiro Blanco
Ana Martínez Leboráns
Paula Míguez Martínez
Sofía O´Donnell Arceo
María Otero Ageitos
Jimena Pascual Rodríguez
Carolina Pose Jara
Nuria Pose Jara
Xoana Quintela Lema
Laura Ríos Castro
Mirian Ríos Castro
Rita Ruanova Pampín
Andrés Sanmartín Calvo
Beatriz Santiago Tenreiro
Álvaro Sevilla Pérez
Juana Suárez-Llanos de Mera
Flavia Tenreiro Barbeito
Carlota Vázquez Basanta
Valerie Viadel Turjanicová
Rita Vieiro González
Alisa Zhgenti



Orquestra Praeludium e Escolanía da Catedral de Santiago. A ópera *Brundibár* representouse no Teatro Principal de Santiago de Compostela o día 17 de decembro de 2016.




Público asistente. Teatro Principal de Santiago



Cartel anunciador da ópera *Brundibár* para Santiago

— **COÑECER** | Santiago
cidade educadora



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de
Educación e Cidadanía



Santiago de Compostela
Cidade Educadora

